

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCTORIA DE SUBVENCÍONS ÁS FAMILIAS PARA A FESTIVIDADE DE NADAL DOS/AS SEUS/SÚAS FILLOS E FILLAS PARA O EXERCICIO 2025-2026. EXPEDIENTE 2025/A002/000005-PROPOSTA 2025/G003/001387

FEITOS:

Logo de ver a proposta de aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións do Concello de Fene dirixida ás familias para a festividade de Nadal dos/as seus/súas fillos e fillas para o exercicio 2025-2026.

Visto o Informe-Proposta de bases que rexerán a convocatoria de subvencións ás familias para a festividade de Nadal dos/as seus/súas fillos e fillas para o exercicio 2025-2026 emitido o 20.10.2025 por Pilar Couce Freire, Coordinadora do Departamento de Benestar Social e Igualdade do Concello de Fene.

Despois de ver o informe da Intervención municipal de fiscalización previa á aprobación das bases reguladoras do programa municipal de axudas ás familias para a festividade de Reis correspondentes ao exercicio 2025-2026, emitido o 24.10.2025 na que na súa parte conclusiva literalmente di:

“IV) RESULTADO DA FISCALIZACIÓN:

Como resultado da comprobacións materializadas no punto anterior deste informe, **fiscalizo de conformidade** o expediente de aprobación das bases reguladoras do programa municipal de axudas ás familias para a festividade de Reis correspondentes ao exercicio 2025-2026 coas observacións seguintes:

- debe incorporarse ao modelo de xustificación da subvención (base número 11) que cubren os beneficiarios a **declaración responsable de que seguen sen ter débedas coa seguridade social, a facenda pública e o Concello de Fene**, xa que este requisito debe cumprirse na concesión da subvención e manterse ao aprobar a xustificación da subvención concedida
- o artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións regula a Base de Datos Nacional de Subvencións (en diante BDNS), que desde o 1 de xaneiro de 2016 opera como Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (en diante SNPS), garantindo o dereito dos cidadáns para coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento, e contribuíndo aos principios de publicidade e transparencia dos actos subvencionables. Para iso, a BDNS recolle información das subvencións e axudas públicas convocadas e concedidas pola Administración Xeral do Estado, as Administracións das Comunidades Autónomas, as entidades que integran a Administración Local e os organismos e demais entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes delas, e publica no SNPS as convocatorias de subvencións e axudas públicas así como as correspondentes concesións. A publicidade desta convocatoria debe efectuarse a través do SNPS por imperativo legal, e potestativamente poderá efectuarse por outros medios se o órgano convocante así o decide.”

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

Esta convocatoria rexeráse polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e polo resto da lexislación que lle resulte aplicable.

Así mesmo, a presente convocatoria efectúase de conformidade coa Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Fene, publicada definitivamente no BOP Nº 137 de 15/06/2007 (Redacción aplicable dende o 04/07/2007)

En uso das atribucións conferidas pola normativa vixente, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a convocatoria de subvencións do Concello de Fene dirixida ás familias para a festividade de Nadal dos/as seus/súas fillos e fillas para o exercicio 2025-2026, en réxime de concorrência competitiva e mediante a publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Segundo.- Remitir a información correspondente á convocatoria á Base Nacional de Subvencións unha vez concluído o proceso de tramitación da convocatoria e antes da súa publicación no BOP.

Terceiro.- Aprobar o gasto de 2.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 231/48000, correspondente a anualidade 2025.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos Servizos económicos municipais.

Quinto.- Aprobar ás bases que, con carácter xeral, rexeran esta convocatoria, que de seguido se transcriben:

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS ÁS FAMILIAS PARA A FESTIVIDADE DE NADAL DOS/AS SEUS/SÚAS FILLOS E FILLAS PARA O EXERCICIO 2025-2026.

1. OBXECTO:

O obxecto desta convocatoria é regular a concesión de subvencións de pago único anual ás familias con menor nivel de recursos económicos e que cumpran os requisitos de acceso ao programa aquí establecidos, para a adquisición dos agasallos para a Festividade de Nadal para os seus fillos e/ou as súas fillas que, estando en convivencia cos/coas solicitantes, a 31 de decembro de 2025 teñan unha idade comprendida entre o 0 e os 16 anos, ou maiores desta idade sempre que teñan o recoñecemento oficial de minusvalía ou grao de discapacidade.

As axudas obxecto das presentes bases encádranse nas competencias municipais establecidas no artigo 25.2.e) da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réximen Local, e conforme ao recollido nos artigos 21 e 48 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

2. REQUISITOS DOS/AS SOLICITANTES:

1.- Ser maior de idade ou menor legalmente emancipado ou emancipada, e ter en convivencia fillos ou fillas de entre 0 e 16 anos, ou maiores desta idade e posteriores sempre que teñan o recoñecemento oficial de minusvalía ou grao de discapacidade.

2.- Ter o empadramento no Concello de Fene e ter residencia efectiva no mesmo cunha antigüidade de, cando menos, tres meses anteriores á data da solicitude.

3.- Cumprir as condicións económicas que se establecen no punto 8º das presentes bases.

4.- Non posuír máis de dous coches na unidade familiar e, no caso de que, a maiores dos coches, se posúa unha moto, esta deberá ter unha cilindrada non superior a 800 centímetros cúbicos. Comprobarase de oficio polo Concello unha vez que se presente a solicitude.

5.- Non incurrir nas prohibicións para obter a condición de beneficiario ou beneficiaria sinaladas no art. 13 de Lei Xeral de Subvencións (BOE nº 276 de 18 de novembro de 2003), que segundo regula dito artigo poderá realizarse mediante testemuño xudicial, certificados telemáticos ou transmisións de datos (...) e, cando dito documento non poda ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante a autoridade administrativa ou notario ou notaría público.

6.- Estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, así como co Concello de Fene, extremo que se consultará de oficio previo consentimento das persoas suxeitas a cumprir con ditas obrigas.

3.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Coas subvencións cubriranse os gastos derivados da adquisición de agasallos para a festividade de Nadal, a saber: xoguetes, xogos, libros, material didáctico, vestiario básico (roupa e calzado), vestimenta deportiva e material deportivo, así como outros obsequios que correspondan coa idade do ou da menor a quen vai dirixida a axuda, sempre que estes sexan adquiridos no período comprendido entre o día de apertura da presente convocatoria e o día 6 de xaneiro de 2026.

Con carácter xeral poderase xustificar a subvención con gasto relativo á adquisición de vestiario básico (roupa e calzado), sempre que o importe total do gasto realizado non supere o 75% da axuda concedida.

Non obstante, no caso das persoas que foran beneficiarias de axudas para a adquisición de vestiario básico (roupa e calzado) ó abeiro da Ordenanza municipal reguladora das axudas económicas para a atención de necesidades sociais ou foran beneficiarias de axudas (para adquisición de vestiario básico) doutros organismos públicos no decurso do último trimestre do ano 2025, únicamente poderán destinar a subvención (dentro do límite porcentual antes definido, é dicir o 75%) á adquisición de material deportivo (roupa deportiva, calzado deportivo, botas, etc.).

4.- NÚMERO DE SUBVENCIONS CONVOCADAS E CONTÍA INDIVIDUAL DA SUBVENCIÓN:

Convócanse un total de 16 subvencións para 16 menores por importe individual de 125 euros para cada beneficiario ou beneficiaria.

A contía das axudas que recibirá cada familia solicitante estará en función do número de fillos e fillas en convivencia, que cumpran o requisito da idade e que se poidan beneficiar do programa.

No caso de que, á vista do nº de solicitantes beneficiarios (que cumpran todos os requisitos establecidos na convocatoria), e unha vez concedidas as axudas polos importes máximos establecidos (125 €), se supere a contía máxima do crédito orzamentario dedicado a esta finalidade, ditas axudas máximas reduciranse na contía necesaria ata que se de cobertura á totalidade das solicitudes presentadas que cumpran os requisitos de acceso ó programa.

5.- ORZAMENTO DESTINADO AO PROGRAMA:

A aplicación orzamentaria á que se imputarán estas subvencións é a 231/48000 cun crédito máximo aprobado de 2.000 euros.

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

As solicitudes deberanse presentar no Rexistro Xeral de entrada do Concello, ben nas dependencias do Concello ou nas de Servizos Sociais, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxectos aos que se refire o artigo 2.1 da lei 39/2015 do 1 de outubro, no prazo de 10 días hábiles, contados a partires do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

7.- DOCUMENTACIÓN:

Deberáse presentar a seguinte documentación:

- Impreso de solicitude debidamente cumprimentado e asinado polo ou pola solicitante que será facilitado no Departamento de Benestar Social e que contén as seguintes declaracións xuradas:
- Declaración xurada sobre a situación persoal, familiar e económica do ou da solicitante e demais membros da unidade familiar independente, que se facilitará en documento oficial, debidamente cumprimentada e asinada polo ou pola solicitante. Nesta declaración manifestarase a existencia de capital mobiliario e/ou inmobiliario.

- Certificación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social e co Concello de Fene, así como de non ter pendente de xustificar ningunha outra subvención municipal concedida. *(solicitarase de oficio)*

- Declaración responsable de ter ou non solicitadas e/ou concedidas outras axudas para o mesmo concepto no decurso do último trimestre do ano 2024.

- D.N.I. do ou da solicitante e demais membros da unidade familiar independente.

- Libro de Familia e/ou do Título de Familia Numerosa, no seu caso.

- En caso de separación e/ou divorcio, sentenza xudicial e/ou convenio regulador e xustificantes de ingresos por este concepto ou declaración xurada de non percibir a prestación recoñecida, se fose o caso.

- Xustificantes económicos referidos aos 6 meses anteriores á data da solicitude de todas as persoas maiores de 18 anos que formen a unidade familiar independente, segundo corresponda.

- Última declaración da renda das persoas físicas correspondente ao exercicio 2024, e referida a/o proxenitor/a ou proxenitores ou titor/a ou titores do ou da menor e, no caso de non presentala, declaración xurada sobre a non obriga de realizala (documentos que se terán en conta aos efectos de comprobación e valoración do expediente e non a efectos de computar os ingresos da unidade familiar).

- Xustificante de gastos derivados do aluguer ou amortización da vivenda no período computable, a saber: 6 meses anteriores á solicitude.

- Certificación bancaria de todas as contas bancarias do ou da solicitante e unidade familiar independente, referido ao saldo existente a 31 de decembro do 2024.

- Volante de empadramento da unidade de convivencia con indicación do tempo de residencia.

- Debe acompañarse certificado de non incorrer nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a sinaladas no art. 13 de Lei Xeral de Subvencións (BOE nº 276 de 18 de novembro de 2003), que segundo regula dito artigo poderase realizar mediante testemuño xudicial, certificados telemáticos ou transmisións de datos (...) e cando dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante a autoridade administrativa ou notario/a público.

- Certificado de minusvalía ou recoñecemento de grao de discapacidade, no caso de ter fillos ou fillas maiores de idade.

- Documento de designación de conta bancaria.

- Calquer outro documento que xustifique as circunstancias a valorar.

*Non se requirirá as persoas interesadas a presentación de documentación xa achegada nos expedientes tramitados polo departamento de Benestar Social durante o ano da convocatoria, sempre que cumpran co requisito de vixencia.

*O organo instructor comprobará de oficio o empadramento ou residencia da persoa solicitante e membros da unidade de convivencia.

8.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES:

8.1. CONDICIÓN ECONÓMICAS:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Poderanse beneficiar das presentes subvencións aquelas familias que cumpran os requisitos da presente convocatoria.

Os e as solicitantes non poderán superar os 16.576,00 euros de renda per cápita anual. Asemade, e en todo caso, se limitará o conxunto de ingresos familiares totais a 2,5 veces o SMI vixente que, para o presente exercicio 2025, sitúase en 41.440,00 euros anuais.

A procedencia dos ingresos poderá ser de rendas de traballo, prestacións por desemprego, RISGA e/ou outras prestacións sociais, pensións e prestacións da seguridade social, pensións de alimentos e/ou compensatorias no caso de separación e/ou divorcio, e/ou outros ingresos regulares e/ou irregulares dos que viva a familia.

Considerarase unidade familiar independente, aos efectos da valoración das solicitudes, a composta polo/a proxenitor/a ou polos proxenitores e/ou titor/a ou titores legais e fillos e fillas menores e maiores de idade con discapacidade, independentemente de que existan outros membros en convivencia.

A criterio da instructora do expediente aceptaranse outras formas de convivencia análogas, diferentes as recollidas neste punto.

A) Para a obtención do conxunto de ingresos se terán en conta os seguintes criterios:

Calcularanse os ingresos netos familiares (logo de restar os gastos de Seguridade Social e IRPF) dos 6 meses anteriores á solicitude de 2025 (6 meses), cómputo do que se restarán as pensións de alimentos, pensións compensatorias e as cotas de aluguer e/ou amortización da vivenda, no seu caso, correspondentes ao mesmo período, a efectos de obter os ingresos baremables.

O resultado anterior se multiplicará por 2 para obter os ingresos netos anuais. A contía resultante dividirase polo número de membros da familia que computen aos efectos das presentes bases.

B) Con respecto ao capital mobiliario:

Entenderanse medios económicos suficientes no que respecta aos recursos procedentes do capital mobiliario, e a efectos de valoración para a resolución das solicitudes ao abeiro deste programa, os que superen os 3.000 euros en contas de aforros e/ou investimentos que posúa a unidade familiar (terase en conta o saldo a 31 de decembro do ano 2024 segundo os certificados bancarios presentados).

9. VALORACIÓN DE EXPEDIENTES E CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES:

Fase de pre-avaliación: as traballadoras sociais verificarán o cumprimento das condicións establecidas para adquirir a condición de persoa beneficiaria da subvención, realizando de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

Unha vez avaliadas as solicitudes, publicarase no taboleiro de anuncios do concello unha listaxe de persoas admitidas e excluídas con indicación dos motivos de exclusión, determinando, de ser o caso, un prazo de 10 días hábiles para a emenda da documentación.

Fase de instrución: unha vez avaliadas as solicitudes, o órgano instrutor (comisión de avaliación) deberá emitir un informe no que se concrete o resultado da valoración efectuada. O órgano instrutor elevará o informe xunto coa proposta de resolución ao órgano de resolución.

A Comisión de Avaliación estará composta por:

1. Presidenta: Alejandra Permuy Meizoso, alcaldesa do concello de Fene ou persoa en quen delegue.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

2. Vogais: 2 persoas do equipo técnico do departamento de servizos sociais: Sonia Fresco Torrente e Laura Cendón Rodríguez e, como suplentes, María José Quintía Sanjuan e M.ª José Paz Rodríguez.

3. Secretaria municipal, ou persoa en quen delegue.

Cumpridos os trámites para a instrución do procedemento e fiscalizada a proposta pola intervención municipal, o Alcalde-Presidente ditará resolución motivada.

A resolución estimatoria ou desestimatoria pon fin á vía administrativa contra a que poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o Sra. Alcadesa –Presidenta no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación do acordo de concesión, ou directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte ó da notificación da resolución se é expresa, se non o é, o prazo será de seis meses a contar dende o seguinte a partir de que se entenda producida a desestimación por acto presunto.

Unha vez resolta, se notificará ás persoas interesadas.

10. PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS:

O pagamento das subvencións realizarase de forma anticipada no exercicio 2025 e, sen prexuízo da súa xustificación posterior por parte do beneficiario ou beneficiaria, na conta bancaria indicada no momento de concesión da ou das subvencións, debendo aportar, no prazo máximo de 1 mes dende o cobro da subvención, as facturas xustificativas da adquisición dos agasallos, para que se cumpra a finalidade para a que foron concedidas, por importe igual ou superior á ou ás subvencións concedidas.

Non poderá realizarse o pago da subvención cando a persoa beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

Naqueles casos en que o importe das facturas sexa inferior ao importe máximo concedido, ás persoas beneficiarias deberán presentar, xunto ás mesmas, recibo de abono na conta do concello da contía non gastada e non xustificada.

11. XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS:

Cumpridas as esixencias de xustificación documental citadas nas presentes bases, vistas e informadas en primeira instancia polo Departamento de Benestar Social que verificará, así mesmo, se os ou as beneficiarias percibiron ou non axudas no decurso do último trimestre do ano 2025 para adquisición de roupa e calzado a través da convocatoria das axudas económicas municipais para a atención de necesidades sociais, remitiranse os expedientes a Intervención para as comprobacións que proceda facer e emita o preceptivo informe de fiscalización.

A xustificación das axudas concedidas rexerase polo recollido no artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O prazo de xustificación será de 1 mes dende o cobro da ou das subvencións.

A documentación que haberá que presentar para a xustificación é a seguinte:

- Factura orixinal xustificativa dos gastos realizados en concepto de compra de agasallos para Nadal por importe igual ou superior ás axudas recibidas. As facturas deberán conter, como mínimo: Número de factura, data de expedición, razón social do/a emisor/a e do/a receptor/a, NIF do/a emisor/a e do/a receptor/a, domicilio do/a emisor/a e do/a receptora, descrición das operacións (base impositiva), tipo impositivo, cota tributaria. A factura deberá acompañarse da acreditación do pago, ben mediante xustificante de transferencia bancaria ou selo que indique o pago en efectivo.

- Declaración responsable de ter ou non ter percibido outras axudas polo mesmo concepto por parte doutros Organismos e/ou administracións públicas, segundo modelo oficial que se recollerá no Departamento de Benestar Social .

- Declaración responsable de que a axuda foi destinada á finalidade para a que foi concedida.

As facturas e documentación acreditativa do pago presentadas polos beneficiarios e beneficiarias acompañaranse do impreso de solicitude de xustificación segundo modelo oficial que se recollerá no Departamento de Benestar Social e deberán ser emitidas con datas comprendidas entre o 1º día de apertura do prazo de solicitudes e o 6 de xaneiro de 2026.

Naqueles casos en que se concedan axudas para máis dun fillo e/ou filla, será necesario que se acompañe unha declaración responsable asinada polo ou pola solicitante (e segundo o modelo facilitado polo departamento) na que se especifique qué conceptos dos facturados foron destinados a cada menor.

Naqueles casos en que o importe das facturas sexa inferior ao importe máximo concedido, as persoas interesadas deberán presentar, xunto ás mesmas, o recibo de abono na conta do concello da contía non gastada e non xustificada.

12. REINTEGRO:

No procedemento de reintegro das subvencións atenderase ao recollido no Título II, nos seus capítulos I e II da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

13. CONTROL FINANCIERO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN:

Realizarase de acordo co establecido no Título III da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

14. PUBLICIDADE:

Realizarase de conformidade co disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que non se dará publicidade das subvencións individuais que se concedan ao abeiro das presentes bases.

15. DISPOSICIÓN FINAL:

Para o non previsto nestas bases estarase ao establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (BOE núm. 276 de 18.11.2006), e Regulamento de desenvolvemento, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Fene, Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e ás bases de execución do orzamento."

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sra. alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.